

MANIFESTO DE ANPAS DE ARTEIXO SOBRE O INICIO DO CURSO ESCOLAR 2020/2021

Dúas semanas nos separan do inicio efectivo das clases do curso 2020/2021, marcado para o vindeiro 10 setembro na educación primaria, seis días despois para a educación secundaria.

Queda pouco tempo para reformular algunhas das medidas que a Xunta de Galicia pretende impoñer no Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros educativos. Un documento que as entidades aquí representadas consideramos insuficiente para dar comezo o curso escolar 2020/2021 coas máximas garantías de seguridade sanitaria para os nosos fillos e fillas.

Por iso, a ANPA “San Miguel” do IES Pastoriza, a ANPA “Século XXI” do IES Manuel Murguía, a ANPA “O Loureiro” da Escola Infantil de Vilarrodís, a ANPA “Barrionovo” da Escola Infantil de Barrionovo, a ANPA da Escola Infantil de Roris-Armentón, a ANPA da Escola Infantil de Larín, a ANPA da Escola Infantil de A Lagoa - Sorrizo e a ANPA “Manuel Murguía” do CEIP Galán de Oseiro, decidimos facer público o seguinte manifesto sobre as cuestións que máis nos inquedan neste contexto que concretamos nas seguintes demandas:

1. Que se atrase o inicio do curso escolar, ata que as solicitudes que figuran a continuación estén resoltas.
2. Que se doten novos espazos que funcionen como aulas, co reforzo de persoal docente que sexa preciso. Demandamos ao Concello de Arteixo que poña a disposición da Consellería de Educación calquera espazo de titularidade municipal que se axeite para usar como aula e cumpra as medidas hixiénico-sanitarias que marca a lei.
3. Coa dotación deses espazos alternativos queremos que se acade a redución dos grupos en cada aula, ata acadar un máximo de 10 nenos/as o que permitirá manter un distanciamento de seguridade de 1,5 m. mínimo.
4. Queremos un protocolo seguro para o transporte escolar: con asignación fixa de asentos en cada ruta, sectorizados por cursos. Con persoal de acompañamento suficiente e con desinfección entre traxectos, tendo en conta que algúns buses son compartidos entre distintos centros. Co establecemento dunha subida/baixada ordenada ao bús, que reduza o contacto entre alumnos, abrindo as dúas portas do vehículo para axilizar a subida/baixada.
5. Solicitamos que o Concello xestione a mobilidade nas entradas e saídas dos centros, poñendo especial atención aos centros ubicados na Avenida de Arsenio Iglesias e aos 3000 nenos e nenas que se xuntarían nesa rúa se se manteñen os mesmos horarios de entrada e saída.
6. Solicitamos que o Concello asuma coas máximas garantías a súa competencia sobre a limpeza dos centros e ventilado, reforzando o servizo e velando porque se preste por persoal cualificado.
7. Demandamos que se garanta unha boa comunicación e apoio sanitario por parte do Centro de Saúde ás escolas e institutos, mediante un coordinador ou delegado COVID que faga de nexo entre o sistema educativo e o sistema sanitario (enfermeiro/a).

8. Demandamos unha comunicación continuada, convocando reunións periódicas entre escolas, docentes, ANPAS, Concello e Consellería para supervisar, informar e ir adaptando a realidade da pandemia, implementando e adaptando protocolos sobre a marcha.

Este manifesto persigue facer un chamamento urxente aos responsables públicos do Concello de Arteixo e da Xunta de Galicia sobre cuestións que consideramos imprescindibles para garantir unha educación presencial en condicións de seguridade, comprendendo que o “risco cero” non existe pero que se ha de minimizar adoptando as medidas que sexan precisas, con valentía e coa certeza de que a educación dos nosos fillos e fillas o merece.

ANPA “San Miguel” do IES Pastoriza

ANPA “Século XXI” do IES Manuel Murguía

ANPA “O Loureiro” da Escola Infantil de Vilarrodís

ANPA “Barrionovo” da Escola Infantil de Barrionovo

ANPA da Escola Infantil de Roris-Armentón

ANPA da Escola Infantil de Larín

ANPA da Escola Infantil de A Lagoa - Sorrizo

ANPA “Manuel Murguía” do CEIP Galán de Oseiro